

Anexo 02 - Cadro da convocatoria

I) Nome do proxecto

PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN TECNOLÓXICA DO NODO DE COMPUTACIÓN E DATOS DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (CESGA) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA ICTS DISTRIBUIDA RES (Acrónimo: **PERTE47 2025/01**)

II) Programa/proxecto/contrato/convenio que financia o contrato

O proxecto que financia o contrato é o ICTS-MRR-2024-10-CESGA (RES), amparado pola orde ministerial citada a continuación:

ORDE DA MINISTRA DE CIENCIA, INNOVACIÓN E UNIVERSIDADES POLA QUE SE CONCEDE Á FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (CESGA) A SUBVENCIÓN PREVISTA NO REAL DECRETO 714/2024, DE 23 DE XULLO, POLO QUE SE REGULA A CONCESIÓN DIRECTA DE DIVERSAS SUBVENCIÓNS PARA O FORTALECIMENTO DAS CAPACIDADES, INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO DE SALAS BRANCAS DE MICRO E NANOFABRICACIÓN E DE CENTROS DE SUPERCOMPUTACIÓN NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UE NEXT GENERATION.

As bases xerais polas que se establece o procedemento de selección de persoal investigador e técnico non permanente da **“FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA” (FUNDACIÓN CESGA)** e condicións singulares establecidas na presente convocatoria, poden consultarse no documento BASES DA CONVOCATORIA.

As contratacións suxeitaranse á normativa do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular, ao Regulamento (UE) número 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, á Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, á Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.

Estas contratacións serán financiadas exclusivamente dentro do Compoñente 17 (Reforma institucional e fortalecemento das capacidades do sistema nacional de ciencia, tecnoloxía e innovación) Investimento 2 (Fortalecemento das capacidades, infraestruturas e equipamentos dos axentes do SECTI) e Obxectivo CID 260, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)_NextGenerationEU e o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública.

A actuación tamén forma parte do PERTE Chip. En concreto, as actividades que levarán a cabo intégranse na actuación 1 do Eixo I de devandito PERTE (Desenvolvemento de I+D+i sobre microprocesadores de vangarda e de arquitecturas alternativas).

Estas contratacións imputaranse á partida orzamentaria do CESGA 640 e subcontas para o salario do traballador e 642 e subcontas para a seguridade social.

III) Descrición do proxecto

Este proxecto ten como obxecto a realización das actualizacións do nodo CESGA dentro do Plan



Estratéxico 2021-2024 da ICTS distribuída RES, que aumentarán significativamente as capacidades da RES e mellorarán aínda máis a diversidade de arquitecturas e servizos relacionados.

Os investimentos contemplados no Plan Estratéxico 2021-2024 da ICTS distribuída RES, teñen como un dos seus obxectivos fundamentais desenvolver unha infraestrutura de datos e HPC de clase mundial e servizos de soporte para ofrecer recursos á comunidade científica. Só aumentando o rendemento computacional que ofrece a rede poderase manter a calidade e competitividade do servizo prestado á comunidade científica. Este obxectivo estratéxico pódese lograr fundamentalmente actualizando os sistemas informáticos dos nodos actuais, entre os que CESGA foi desde a súa inclusión na RES uno dos nodos máis relevantes.

Desde a súa incorporación á RES, CESGA participa activamente na mesma e foi un dos nodos que máis contribúe aos diferentes servizos que a RES estivo implantando, entre os que cabe mencionar os de máis recente implantación como o servizo de datos, o de intelixencia artificial e o de computación cuántica. A idoneidade da contribución do CESGA á RES pode constatarase pola elevada capacidade do nodo para a captación de proxectos procedentes das convocatorias abertas da RES.

O nodo CESGA destaca actualmente por ter tanto unha gran Infraestrutura de Computación Clásica (Finisterrae III) como de Computación Cuántica (QMIO), así como por participar en multitude de proxectos e iniciativas europeas. Ademais do obxectivo de actualizar e reforzar estas infraestruturas, CESGA ten tamén o obxectivo de reforzar o seu persoal que investiga en temáticas altamente relacionadas coa infraestrutura, por exemplo os novos grupos de investigación en computación cuántica e comunicacións cuánticas.

As actividades a realizar dentro do proxecto descríbense na seguinte táboa:

Proxecto	Actividade
RES-CESGA-03	<i>Finisterrae IV:</i> A actividade consiste no despregamento dun novo supercomputador cunha potencia pico estimada de 20 PFLOPS. O proxecto supón a adquisición da que será a infraestrutura principal de HPC do CESGA nos próximos anos complementando e substituindo a Finisterrae III.
RES-CESGA-06	<i>Datacenter:</i> O obxectivo desta actuación é construír o centro de datos imprescindible para albergar todas as infraestruturas do CESGA, especialmente incluídas neste plan. A actuación incluírá todos os elementos necesarios para a instalación de electricidade, refrixeración, detección e extinción de incendios, equipos de seguridade, liña eléctrica, etc. dos novos sistemas de supercomputación e almacenamento.
RES-CESGA-02b	<i>Quantum computer PHASE II:</i> Consiste en instalar unha infraestrutura de computación baseada en tecnoloxía de hardware cuántico.
RES-CESGA-04b	<i>Permanent Data Storage System: second expansion of storage capacity:</i> Adquisición dun sistema de almacenamento de alta capacidade que incluírá capacidade estimada de 100 PB en tecnoloxía de cinta e 25 PB de almacenamento en liña baseado en tecnoloxía de disco ou flash. Proporcionará funcións de arquivo e copia de seguridade a longo prazo.



Os postos requiridos na presente convocatoria desenvolverán as diferentes tarefas necesarias para a adquisición, despregue e posta en operación das infraestruturas e obras contidas nas actividades indicadas na táboa anterior.



IV) Posicións ofertadas

1. Referencia grupo de postos: PERTE47-25-TINV_SEN1-HPC-01_02_03_04_05_06

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Técnico/a de investigación senior 1 HPC
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas
Categoría laboral	Técnico/a de Investigación Senior
Número de postos do grupo	6 (Referencias PERTE47-25-TINV_SEN1-HPC01, PERTE47-25-TINV_SEN1-HPC02, PERTE47-25-TINV_SEN1-HPC03, PERTE47-25-TINV_SEN1-HPC04, PERTE47-25-TINV_SEN1-HPC05, PERTE47-25-TINV_SEN1-HPC06)
Descrición	Os postos teñen como cometido a realización de tarefas de deseño, adquisición, instalación, configuración, posta en operación e servizo de arranque inicial das infraestruturas e servizos dos proxectos do Plan Estratéxico da RES 2021-2024 (denominados no seu conxunto proxecto PERTE47). Terá como actividade principal a realización de todas aquelas tarefas técnicas necesarias para a posta en operación dos proxectos do PERTE47, particularmente os de "RES-CESGA-03 Finisterrae IV" e "RES-CESGA-04b Permanent Data Storage System".
Funcións a realizar	Dependendo do perfil e valía dos candidatos ofrécese diversos postos con especialización en diferentes áreas: - Intelixencia artificial: Nesta área se deseñará, despregará e operará a plataforma específica en Intelixencia Aritificial (IA) e dará soporte aos primeiros usuarios no emprego da mesma. - Computación con GPU: Nesta área se deseñará, despregará e operará a plataforma de GPUs, incluíndo a instalación hardware, a dos controladores, contornas de execución e bibliotecas de programación para as GPU instaladas no supercomputador. Se dará soporte aos demais técnicos na optimización da explotación das GPU nos aspectos hardware e por parte das aplicacións instaladas. - Soporte avanzado a investigación en áreas de interese do CESGA: Nesta área se deseñarán e preparará a plataforma e aplicacións relacionadas coa modelización en ciencias da terra (dando soporte aos investigadores na modelización atmosférica, oceanográfica e climática) e química e biotecnoloxía (relacionadas coa execución de programas en investigación en química, dinámica molecular, farmacoloxía, xenómica, proteómica e outros programas de emprego frecuente na área). - Computación de Altas Prestacións - HPC: Nesta área se deseñarán, despregarán e operarán as plataformas de supercomputación para uso científico. Darán soporte aos primeiros usuarios no emprego das aplicacións e da infraestrutura despregada en xeral, e configurarán o hardware e as



	contornas que empregan as aplicacións de software científico (como o MPI) para obter o maior rendemento posible. e. Datos: Nesta área se deseñarán, despregarán e operarán as plataformas de datos do PERTE47, incluído sistemas de tipo DataLakes, Espazos de Datos, Dataverse, Lustre, CEPH, etc; As funcións a desempeñar non son exclusivas e teñen moita relación entre si, polo que requirirán unha grande colaboración entre todos os postos. O cometido dos técnicos é común, sendo o deseño, adquisición, despregue e posta en operación das actuacións do proxecto PERTE47, e a asignación de tarefas podería variar dependendo das necesidades do proxecto. En función dos perfís mencionados anteriormente poderán variar, pero en xeral realizará tarefas do seguinte tipo: - Colaboración no análise e deseño das plataformas do proxecto (hardware, software asociado necesario e aplicacións científicas). - Despregue, configuración e administración das plataformas. - Integración das novas infraestruturas e servizos do proxecto PERTE47 coas infraestruturas e servizos actuais do CESGA. - Soporte a usuarios para o acceso e uso ás plataformas e para a execución eficiente das aplicacións científicas. - Xustificar e contribuír á xustificación do financiamento do PERTE47. - Todas aquelas que se consideren necesarias por parte da dirección para a execución dos proxectos do PERTE47 e a súa correspondente xustificación.
Retribución bruta anual	32.334,54€
Duración do contrato	Dende a sinatura ata a finalización do proxecto PERTE47 (establecida inicialmente para o 30 de xuño de 2026)
Data de inicio prevista	Maio de 2025
Xornada laboral	Tempo completo, posibilidade de teletraballo.
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES	
Titulación requirida	Nivel 3 segundo o Marco Español de cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011 de 15 de xullo. A titulación deberá estar adscrita nalgún dos seguintes ámbitos do coñecemento, segundo o Real Decreto 822/2021 (Anexo 1): - Ciencias da Terra. - Física e astronomía. - Enxeñaría eléctrica, enxeñaría electrónica e enxeñaría da telecomunicación. - Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación. - Enxeñaría informática e de sistemas.



	• Enxeñaría química, enxeñaría dos materiais e enxeñaría do medio natural. • Matemáticas e estatística. • Química Transitoriamente, para equivalentes a Nivel 3 MECES e de titulacións non adaptadas ao novo marco, serán válidas aquelas adscritas a algunha das seguintes ramas do coñecemento, segundo o Real Decreto 1393/2007: • Ciencias. • Enxeñaría e Arquitectura.		
Experiencia requirida	Non se require		
Idiomas	Inglés: B1		
Outros	Non se require		
MÉRITOS A VALORAR			
Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	Valoración curricular Teranse en conta os seguintes aspectos en base aos méritos acreditables e claramente especificados no Curriculum Vitae aportado polo candidato: ▪ CRITERIO CV1: Expediente académico, segundo a nota media das titulacións requiridas para o acceso ao proceso de selección. ▪ CRITERIO CV2: Formación: ○ Posesión de título de doutor en BigData, Data Science, IA, HPC ou outras áreas afíns ao posto. ○ Posesión de titulacións adicionais á esixida para o acceso á convocatoria en áreas afíns ao posto como, por exemplo, másters en BigData, Data Science, IA HPC. ○ Outra formación que se considere de utilidade de cara as funcións a realizar. ▪ CRITERIO CV3: Nivel de idiomas superior ao esixido. ▪ CRITERIO CV4: Certificacións en áreas afíns ao posto como por exemplo: Cloudera CCA175, CCA131, CCA159, DE575, HDPCA, HDPCD, RHCE, LPIC-2 ou LPIC-3, PMP, ITIL, certificacións en probas de software ISTQB, etc. ou equivalentes. ▪ CRITERIO CV5: Experiencia profesional previa relacionada coas funcións do posto. Seleccionaranse para a fase seguinte de avaliación da memoria técnica un máximo de 5 candidatos por posto de entre os que superen o limiar mínimo requirido.	30	15
2	Memoria técnica	60	30



	Elaboración dunha memoria técnica en formato libre cun máximo de 4 páxinas de extensión, en letra Arial de tamaño 10 e interliñado sinxelo (non se terán en conta as partes que supere esa extensión). O contido será elaborado de forma persoal e exclusiva polo candidato e poderá resaltar, entre outros, as fortalezas en termos de coñecementos e/ou experiencias previas do candidato aliñadas coas funcións do posto, experiencias previas que supuxesen un reto persoal, profesional ou académico, propostas innovadoras para un centro de supercomputación nas áreas identificadas na descrición da praza, e en xeral, calquera outro aspecto que permita avaliar a idoneidade do candidato para o posto. Na cumprimentación da memoria destacaranse, en caso de dispor deles, os coñecementos avanzados e capacidades seguintes: ▪ Soporte, arquitectura e plataformas nas áreas dos postos. ▪ Desenvolvemento de aplicacións científico-técnicas que requirirán paralelización distribuída, optimización de aplicacións, desenvolvemento de aplicacións de química e física computacional que requirisen paralelización, aplicacións de modelización de ciencias da Terra, análise xenómico e proteómico, aplicacións de IA. ▪ Programación de GPU ou IA/ML, desenvolvemento e adestramento de modelos de IA, Python, FORTRAN, C++, C, Perl, Shell script. ▪ Sistemas en contornos Linux orientados á computación, kubernetes, MLOps e Devops. ▪ Administración de Linux, kubernetes, MLOps, Devops. ▪ Data Lakes, Espazos de Datos, Dataverse, Lustre, CEPH, etc. ▪ Outros coñecementos afíns ás áreas ou funcións dos postos. ▪ BigData, Data Science, HPC, IA, ou outras afíns ao posto. Terase en conta a claridade na redacción e a organización e presentación da memoria.		
3	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ▪ Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ▪ Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ▪ Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ▪ Outras consideradas relevantes para o posto.	10	5



2. Referencia do posto: PERTE47-25-TEI-HPC

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Técnico/a especialista en investigación HPC
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas
Categoría laboral	Técnico/a Especialista en Investigación
Num. de postos	1
Descrición	O posto ten como cometido a realización de tarefas de deseño, adquisición, instalación, configuración, posta en operación e servizo de arranque inicial das infraestruturas e servizos dos proxectos do Plan Estratéxico da RES 2021-2024 (denominados no seu conxunto proxecto PERTE47). Terá como actividade principal a realización de todas aquelas tarefas técnicas necesarias para a posta en operación dos proxectos do PERTE47, particularmente os de "RES-CESGA-03 Finisterrae IV" e "RES-CESGA-04b Permanent Data Storage System".
Funcións a realizar	O candidato especializarase na área de Computación de Altas Prestacións - HPC: Nesta área se deseñarán, despregarán e operarán as plataformas de supercomputación para uso científico e se farán desenvolvementos necesarios. O cometido do técnico será o apoio ao deseño, adquisición, despregue e posta en operación das actuacións do proxecto PERTE47, e a asignación de tarefas podería variar dependendo das necesidades do proxecto. En función dos perfís mencionados anteriormente poderán variar, pero en xeral realizará tarefas do seguinte tipo: - Apoio na análise e deseño das plataformas do proxecto (hardware, software asociado necesario e aplicacións científicas). - Apoio no despregue, desenvolvemento, configuración e administración das plataformas. - Apoio na integración das novas infraestruturas e servizos do proxecto PERTE47 coas infraestruturas e servizos actuais do CESGA. - Soporte a usuarios para o acceso e uso ás plataformas e para a execución eficiente das aplicacións científicas. - Xustificar e contribuír á xustificación da financiación do PERTE47. - Todas aquelas que se consideren necesarias por parte da dirección para a execución dos proxectos do PERTE47 e a súa correspondente xustificación.
Retribución bruta anual	23.531,31 €
Duración do contrato	Dende a sinatura ata a finalización do proxecto PERTE47 (establecida inicialmente para o 30 de xuño de 2026)



Data de inicio prevista	Maio de 2025		
Xornada laboral	Tempo completo, posibilidade de teletraballo.		
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES			
Titulación requirida	Formación Profesional de Grao Superior na Familia Profesional de Informática e Comunicaci�ns.		
Experiencia requirida	Non se require		
Idiomas	Non se require		
Outros	Non se require		
M�RITOS A VALORAR			
�tem	Concepto do �tem	Puntos max.	Puntos m�n.
1	Valoraci�n curricular Teranse en conta os seguintes aspectos en base aos m�ritos acreditables e claramente especificados no Curriculum Vitae aportado polo candidato: ▪ CRITERIO CV1: Expediente acad�mico, segundo a nota media das titulaci�ns requiridas para o acceso ao proceso de selecci�n. ▪ CRITERIO CV2: Formaci�n: � Posesi�n de titulaci�ns adicionais � esixida para o acceso � convocatoria en �reas af�ns ao posto. � Outra formaci�n que se considere de utilidade de cara as funci�ns a realizar. ▪ CRITERIO CV3: Nivel de idiomas superior ao esixido. ▪ CRITERIO CV4: Certificaci�ns en �reas af�ns ao posto como por exemplo: Cloudera CCA175, CCA131, CCA159, DE575, HDPCA, HDPCD, RHCE, LPIC-2 ou LPIC-3, PMP, ITIL, certificaci�ns en probas de software ISTQB, etc. ou equivalentes. ▪ CRITERIO CV5: Experiencia profesional previa relacionada coas funci�ns do posto. Seleccionaranse para a fase seguinte de avaliaci�n da memoria t�cnica un m�ximo de 5 candidatos por posto de entre os que superen o limiar m�nimo requirido.	30	15
2	Memoria t�cnica Elaboraci�n dunha memoria t�cnica en formato libre cun m�ximo de 4 p�xinas de extensi�n, en letra Arial de tama�o 10 e interli�ado sinxelo (non se ter�n en conta as partes que supere esa extensi�n). O contido ser� elaborado de forma persoal e exclusiva polo candidato e poder� resaltar, entre outros, as fortalezas en termos de co�ecementos	60	30



	e/ou experiencias previas do candidato aliñadas coas funcións do posto, experiencias previas que supuxesen un reto persoal, profesional ou académico, propostas innovadoras para un centro de supercomputación nas áreas identificadas na descrición da praza, e en xeral, calquera outro aspecto que permita avaliar a idoneidade do candidato para o posto. Na cumprimentación da memoria destacaranse, en caso de dispor deles, os coñecementos avanzados e capacidades seguintes: ▪ Administración de sistemas informáticos afíns ao posto. ▪ Soporte, arquitectura e plataformas na área do posto. ▪ Sistemas en contornos Linux orientados á computación. ▪ Operación de sistemas e infraestruturas en contornas de datacenter ▪ Outros coñecementos afíns ás áreas ou funcións dos postos. Terase en conta a claridade na redacción e a organización e presentación da memoria.		
3	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ▪ Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ▪ Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ▪ Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ▪ Outras consideradas relevantes para o posto.	10	5



3. Referencia do posto: PERTE47-25-TINV_SUP1-DATA

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Técnico/a de investigación superior 1 DATA
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATO/S	
Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas
Categoría laboral	Técnico/a de Investigación superior 1
Número de postos	1
Descrición	O posto ten como cometido a realización de tarefas de deseño, adquisición, instalación, configuración, posta en operación e servizo de arranque inicial das infraestruturas e servizos dos proxectos do Plan Estratégico da RES 2021-2024 (denominados no seu conxunto proxecto PERTE47). Terá como actividade principal a realización de todas aquelas tarefas técnicas necesarias para a posta en operación dos proxectos do PERTE47, particularmente o "RES-CESGA-04b Permanent Data Storage System".
Funcións	O cometido do posto será o desenvolvemento de tarefas científico-técnicas en todos os aspectos relativos ás infraestruturas de datos dos proxectos do PERTE47, nas que se inclúen: - Colaborar na posta en marcha dos repositorios cooperativos do CESGA. - Realizar control de calidade, mantemento e mellora do funcionamento dos repositorios cooperativos do CESGA e dos repositorios de prestacións básicas (RPB). - Garantir o correcto funcionamento do servizo de xestión de datos de investigación. - Asegurar a resolución de consultas e incidencias relativas aos repositorios cooperativos do CESGA. - Implementar a integración de novas institucións nos repositorios cooperativos do CESGA e RPB. - Colaborar na organización e apoiar en grupos de traballo relativos a repositorios, e investigación. - Activar as seccións acordadas de acceso aberto ás publicacións científicas das universidades. - Coñecer as tendencias internacionais en materia de ciencia aberta. - Integración das novas infraestruturas e servizos do proxecto PERTE47 coas infraestruturas e servizos actuais do CESGA.



	j. Todas aquelas que se consideren necesarias por parte da dirección para a execución dos proxectos do PERTE47 e a súa correspondente xustificación.		
Retribución bruta anual	26.024,87 €		
Duración do contrato	Dende a sinatura ata a finalización do proxecto PERTE47 (establecida inicialmente para o 30 de xuño de 2026)		
Data de inicio prevista	Maio de 2025		
Xornada laboral	Tempo completo, posibilidade de teletraballo		
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES			
Titulación requirida	Nivel 2 segundo o Marco Español de cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011 de 15 de xullo. A titulación deberá estar adscrita nalgún dos seguintes ámbitos do coñecemento, segundo o Real Decreto 822/2021 (Anexo 1): ▪ Ciencias da Terra. ▪ Física e astronomía. ▪ Enxeñaría eléctrica, enxeñaría electrónica e enxeñaría da telecomunicación. ▪ Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación. ▪ Enxeñaría informática e de sistemas. ▪ Enxeñaría química, enxeñaría dos materiais e enxeñaría do medio natural. ▪ Matemáticas e estatística. ▪ Química Transitoriamente, para equivalentes a Nivel 2 MECES e de titulacións non adaptadas ao novo marco, serán válidas aquelas adscritas a algunha das seguintes ramas do coñecemento, segundo o Real Decreto 1393/2007 : ▪ Ciencias. ▪ Enxeñaría e Arquitectura.		
Experiencia requirida	Non se require		
Idiomas:	Inglés: B1		
Outros	Non se require		
MÉRITOS A VALORAR			
Ítem	Concepto do ítem	Puntos max	Puntos min.
1	Valoración curricular Teranse en conta os seguintes aspectos en base aos méritos acreditables e claramente especificados no Curriculum Vitae aportado polo	30	15



	candidato: ▪ CRITERIO CV1: Expediente académico, segundo a nota media das titulacións requiridas para o acceso ao proceso de selección. ▪ CRITERIO CV2: Formación: ○ Posesión dunha titulación específica en Xestión de Información e Documentación Dixital ou equivalente. ○ Posesión de titulacións adicionais á esixida para o acceso á convocatoria en áreas afíns ao posto como, por exemplo, másters en BigData, Data Science, HPC, IA. ○ Outra formación que se considere de utilidade de cara as funcións a realizar. ▪ CRITERIO CV3: Nivel de idiomas superior ao esixido. ▪ CRITERIO CV4: Certificacións en áreas afíns ao posto. ▪ CRITERIO CV5: Experiencia profesional previa relacionada coas funcións do posto. Seleccionaranse para a fase seguinte de avaliación da memoria técnica un máximo de 5 candidatos por posto de entre os que superen o limiar mínimo requirido.		
2	Memoria técnica Elaboración dunha memoria técnica en formato libre cun máximo de 4 páxinas de extensión, en letra Arial de tamaño 10 e interliñado sinxelo (non se terán en conta as partes que supere esa extensión). O contido será elaborado de forma persoal e exclusiva polo candidato e poderá resaltar, entre outros, as fortalezas en termos de coñecementos e/ou experiencias previas do candidato aliñadas coas funcións do posto, experiencias previas que supuxesen un reto persoal, profesional ou académico, propostas innovadoras para un centro de supercomputación nas áreas identificadas na descrición da praza, e en xeral, calquera outro aspecto que permita avaliar a idoneidade do candidato para o posto. Na cumprimentación da memoria destacaranse, en caso de dispor deles, os coñecementos avanzados e capacidades seguintes: ▪ Linguaxes de interoperabilidade de datos (XML, CERIF, OAI-PMH...), do esquema de metadatos Dublin Core, de ofimática, no software de xestión de revistas Open Journal System (OJS), no software de repositorio dixital de documentos de investigación DSpace, no uso do software de repositorio dixital de fondos patrimoniais CONTENTdm. ▪ BigData, Data Science, HPC, Xestión de Información e Documentación Dixital. ▪ Outros coñecementos afíns ás áreas ou funcións dos postos. Terase en conta a claridade na redacción e a organización e presentación da memoria.	60	30



3	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ▪ Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ▪ Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ▪ Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ▪ Outras consideradas relevantes para o posto.	10	5
----------	---	----	---



4. Referencia do posto: PERTE47-25-TINV_TSEN1-COM

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Técnico/a de investigación senior 1 COM
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas
Categoría laboral	Técnico/a de investigación senior 1
Número de postos	1
Descrición	O posto ten como cometido a realización de tarefas de deseño, adquisición, instalación, configuración, posta en operación e servizo de arranque inicial das infraestruturas e servizos dos proxectos do Plan Estratéxico da RES 2021-2024 (denominados no seu conxunto proxecto PERTE47). Terá como actividade principal a realización de todas aquelas tarefas técnicas necesarias para a posta en operación dos proxectos do PERTE47, particularmente nos aspectos relativos aos servizos asociados as tecnoloxías da información e comunicacións. O servizo principal é a construción e administración inicial da rede de datos e voz do novo Datacenter do CESGA, pero será responsable tamén de outros servizos TIC necesarios para o mesmo (autenticación, DNS, videoconferencia, etc.). O técnico se integrará no equipo de comunicacións do CESGA colaborando nas tarefas operación e xestión de rede.
Funcións a realizar	O cometido do posto será o desenvolvemento de tarefas científico-técnicas en todos os aspectos relativos ás tecnoloxías da información e comunicacións (TIC) dos proxectos do PERTE47, nas que se inclúe a realización das seguintes: - Colaboración na análise e deseño das infraestruturas TIC do proxecto. - Despregue, configuración e administración das infraestruturas ou servizos - Integración das novas infraestruturas e servizos do proxecto PERTE47 coas infraestruturas e servizos actuais do CESGA. - Soporte a usuarios para o acceso e uso eficiente das infraestruturas, servizos e aplicacións. - Xustificar e contribuír á xustificación da financiación do PERTE47. - Todas aquelas que se consideren necesarias por parte da dirección para a execución dos proxectos do PERTE47 e a súa correspondente xustificación. Como infraestruturas TIC e servizos TIC indícase, a título informativo os seguintes (sen considerarse unha lista pechada, que poderá cambiar segundo as necesidades do centro): Infraestrutura dá datos por cable e sen fíos, infraestrutura de telefonía, rede e servizos de monitorización, rede e servizos de autenticación, infraestrutura de acceso mediante VPN, infraestrutura de interconexión de datacenters, servizos



	TIC transversais que poidan ser necesarios (listas de correo, DNS, ou outros baseados maiormente en plataformas Linux), etc..		
Retribución bruta anual	32.334,54€		
Duración do contrato	Dende a sinatura ata a finalización do proxecto PERTE47 (establecida inicialmente para o 30 de xuño de 2026)		
Data de inicio prevista	Maio de 2025		
Xornada laboral	Tempo completo, posibilidade de teletraballo		
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES			
Titulación requirida	Nivel 3 segundo o Marco Español de cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011 de 15 de xullo. A titulación deberá estar adscrita nalgún dos seguintes ámbitos do coñecemento, segundo o Real Decreto 822/2021 (Anexo 1): ▪ Ciencias da Terra. ▪ Física e astronomía. ▪ Enxeñaría eléctrica, enxeñaría electrónica e enxeñaría da telecomunicación. ▪ Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación. ▪ Enxeñaría informática e de sistemas. ▪ Enxeñaría química, enxeñaría dos materiais e enxeñaría do medio natural. ▪ Matemáticas e estatística. ▪ Química Transitoriamente, para equivalentes a Nivel 3 MECES e de titulacións non adaptadas ao novo marco, serán válidas aquelas adscritas a algunha das seguintes ramas do coñecemento, segundo o Real Decreto 1393/2007 : ▪ Ciencias. ▪ Enxeñaría e Arquitectura.		
Experiencia requirida	Non se require		
Idiomas	Inglés: B2		
Outros	Non se require		
MÉRITOS A VALORAR			
Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	Valoración curricular Teranse en conta os seguintes aspectos en base aos méritos acreditables e	30	15



	claramente especificados no Curriculum Vitae aportado polo candidato: ▪ CRITERIO CV1: Expediente académico, segundo a nota media das titulacións requiridas para o acceso ao proceso de selección. ▪ CRITERIO CV2: Formación: ○ Posesión dunha titulación específica en enxeñería da telecomunicación ou enxeñería informática ○ Posesión de titulacións adicionais á esixida para o acceso á convocatoria en áreas afíns ao posto. ○ Outra formación que se considere de utilidade de cara as funcións a realizar. ▪ CRITERIO CV3: Nivel de idiomas superior ao esixido. ▪ CRITERIO CV4: Certificacións dos principais provedores de equipamento como, por exemplo, CCNA/CCNIP, JNCIA, etc. ▪ CRITERIO CV5: Experiencia profesional previa relacionada coas funcións do posto. Seleccionaranse para a fase seguinte de avaliación da memoria técnica un máximo de 5 candidatos por posto de entre os que superen o limiar mínimo requirido.		
2	Memoria técnica Elaboración dunha memoria técnica en formato libre cun máximo de 4 páxinas de extensión, en letra Arial de tamaño 10 e interliñado sinxelo (non se terán en conta as partes que supere esa extensión). O contido será elaborado de forma persoal e exclusiva polo candidato e poderá resaltar, entre outros, as fortalezas en termos de coñecementos e/ou experiencias previas do candidato aliñadas coas funcións do posto, experiencias previas que supuxesen un reto persoal, profesional ou académico, propostas innovadoras para un centro de supercomputación nas áreas identificadas na descrición da praza, e en xeral, calquera outro aspecto que permita avaliar a idoneidade do candidato para o posto. Na cumprimentación da memoria destacaranse, en caso de dispor deles, os coñecementos avanzados e capacidades seguintes: ▪ Administración e operación de redes, produtos de provedores de redes como Juniper, Cisco, Dell, Mellanox, Huawei, Aruba, PAN e Arista, produtos e tecnoloxías de seguridade, redes sen fíos ou tecnoloxías de conmutación LAN, ferramentas e tecnoloxías de xestión de redes; seguridade da rede: ameazas, mitigación, DDoS; coñecemento de tecnoloxías VPN (por exemplo, CheckPoint, Fortinet, Palo Alto, VyOS, pfSense, Cisco ASR); funcionalidades de redes en Linux (firewalling, bridging, teaming/bonding), virtualización de servidores, virtualización de redes, protocolos de rede (TCP/UDP, DHCP, DNS), de monitorización (SNMP, Netconf), IPv4 e IPv6, deseño de infraestrutura física, cableado estruturado, centros de operacións de rede e seguridade, programación en Python ou Go, ferramentas e	60	30



	automatización, coñecementos de ferramentas e metodoloxías NetOps - Infraestrutura como código (IaC) – Ansible, tecnoloxías de redes definidas por software (SDN), tecnoloxías/protocolos de redes na nube: IS-IS, VXLAN, BGP, EVPN, ou outros relacionados. ▪ Telecomunicacións ou informática ▪ Outros coñecementos afíns ás áreas ou funcións dos postos. Terase en conta a claridade na redacción e a organización e presentación da memoria.		
3	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ▪ Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ▪ Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ▪ Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ▪ Outras consideradas relevantes para o posto.	10	5



5. Referencia do posto: PERTE47-25-TINV_TSEN1-DC

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Técnico/a de investigación senior 1 DC
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas
Categoría laboral	Técnico/a de investigación senior 1
Número de postos	1
Descrición	O posto ten como cometido a realización de tarefas de deseño, adquisición, instalación, configuración, posta en operación e servizo de arranque inicial das infraestruturas e servizos do Plan Estratéxico da RES 2021-2024 (denominados no seu conxunto proxecto PERTE47). Terá como actividade principal a realización de todas aquelas tarefas técnicas necesarias para a xestión integral do edificio Datacenter e as súas infraestruturas, así como para a posta en operación das infraestruturas de supercomputación, cuántica e datos no datacenter en relación ao subministro eléctrico, climatización, conectividade, e aloxamento no edificio.
Funcións a realizar	- O cometido do posto será o desenvolvemento de tarefas científico-técnicas para o deseño, adquisición, instalación e configuración, posta en operación e servizo de arranque inicial das infraestruturas e servizos do novo edificio Datacenter, así como a contribución nas tarefas necesarias para o seguimento e control da obra. - Realizará diversas tarefas necesarias para a operación do edificio Datacenter e do datacenter en si mesmo, nas que se inclúen: - Operación correcta dos diversos sistemas de control, seguridade, electricidade, climatización, infraestrutura de cableado, e outros. - Definición de políticas e procedementos de seguridade, así como a aplicación dos mesmos a nivel de equipos e/ou servizos, monitorización dos aspectos vencellados coa seguridade das infraestruturas e servizos, control do acceso físico. - Integración das novas infraestruturas e servizos do proxecto PERTE47 coas infraestruturas e servizos actuais do CESGA. - Realización de todas aquelas tarefas que se requiran para o correcto funcionamento do edificio dunha forma continua e eficiente. - Xustificar e contribuír á xustificación da financiación do PERTE47. - Todas aquelas que se consideren necesarias por parte da dirección para a execución dos proxectos do PERTE47 e a súa correspondente xustificación.



Retribución bruta anual	32.334,54€		
Duración do contrato	Dende a sinatura ata a finalización do proxecto PERTE47 (establecida inicialmente para o 30 de xuño de 2026)		
Data de inicio prevista	Maio de 2025		
Xornada laboral	Tempo completo, posibilidade de teletraballo		
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES			
Titulación requirida	Nivel 3 segundo o Marco Español de cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011 de 15 de xullo. A titulación deberá estar adscrita nalgún dos seguintes ámbitos do coñecemento, segundo o Real Decreto 822/2021 (Anexo 1): ▪ Arquitectura, construción, edificación y urbanismo, e enxeñaría civil. ▪ Ciencias da Terra. ▪ Física e astronomía. ▪ Enxeñaría eléctrica, enxeñaría electrónica e enxeñaría da telecomunicación. ▪ Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación. ▪ Enxeñaría informática e de sistemas. ▪ Enxeñaría química, enxeñaría dos materiais e enxeñaría do medio natural. ▪ Matemáticas e estatística. ▪ Química Transitoriamente, para equivalentes a Nivel 3 MECES e de titulacións non adaptadas ao novo marco, serán válidas aquelas adscritas a algunha das seguintes ramas do coñecemento, segundo o Real Decreto 1393/2007 : ▪ Ciencias. ▪ Enxeñaría e Arquitectura.		
Experiencia requirida	Non se require		
Idiomas	Inglés: B1		
Outros	Non se require		
MÉRITOS A VALORAR			
Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	Valoración curricular Teranse en conta os seguintes aspectos en base aos méritos acreditables e claramente especificados no Curriculum Vitae aportado polo candidato:	30	15



	▪ CRITERIO CV1: Expediente académico, segundo a nota media das titulacións requiridas para o acceso ao proceso de selección. ▪ CRITERIO CV2: Formación: ○ Posesión dunha titulación específica en enxeñaría eléctrica, enxeñaría electrónica e enxeñaría da telecomunicación, enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación, enxeñaría informática e de sistemas. ○ Posesión de titulacións adicionais á esixida para o acceso á convocatoria en áreas afíns ao posto. ○ Outra formación que se considere de utilidade de cara as funcións a realizar. ▪ CRITERIO CV3: Nivel de idiomas superior ao esixido. ▪ CRITERIO CV4: Certificacións relacionadas coa xestión enerxética, de climatización, datacenters ou outros relacionados como, por exemplo, ATD Uptime Institute, Certified Energy Manager, ou outras afíns. ▪ CRITERIO CV5: Experiencia profesional previa relacionada coas funcións do posto. Seleccionaranse para a fase seguinte de avaliación da memoria técnica un máximo de 5 candidatos por posto de entre os que superen o limiar mínimo requirido.		
2	Memoria técnica Elaboración dunha memoria técnica en formato libre cun máximo de 4 páxinas de extensión, en letra Arial de tamaño 10 e interliñado sinxelo (non se terán en conta as partes que supere esa extensión). O contido será elaborado de forma persoal e exclusiva polo candidato e poderá resaltar, entre outros, as fortalezas en termos de coñecementos e/ou experiencias previas do candidato aliñadas coas funcións do posto, experiencias previas que supuxesen un reto persoal, profesional ou académico, propostas innovadoras para un centro de supercomputación nas áreas identificadas na descrición da praza, e en xeral, calquera outro aspecto que permita avaliar a idoneidade do candidato para o posto. Na cumprimentación da memoria destacaranse, en caso de dispor deles, os coñecementos avanzados e capacidades seguintes: ▪ Soporte de datacenters (Sistemas de alimentación ininterrompida, electricidade, climatización,...), sistemas de cableado estruturado en edificios, edificación e mantemento de edificios, seguridade en contornos de datacenters, eficiencia enerxética, Building Management System, Modelo BIM, Autocad, redes, hardware de supercomputación e almacenamento, sistemas de monitorización ou outros afíns ao posto. ▪ Enxeñaría eléctrica, enxeñaría electrónica e enxeñaría da telecomunicación, enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica,	60	30



	enseñaría automática, ensinaría da organización industrial e ensinaría da navegación, ensinaría informática e de sistemas ▪ Outros coñecementos afíns ás áreas ou funcións dos postos. Terase en conta a claridade na redacción e a organización e presentación da memoria.		
3	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ▪ Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ▪ Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ▪ Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ▪ Outras consideradas relevantes para o posto	10	5



6. Referencia do posto: PERTE47-25-TSUP-PROMO

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	TÉCNICO/A SUPERIOR DE PROXECTO PROMOCIÓN
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Duración determinada para realización de proxecto PERTE47
Categoría laboral	Técnico/a superior de proxecto
Número de postos	1
Descrición	O posto ten como cometido a actividade de promoción e comunicación necesarias para a execución dos proxectos do Plan Estratéxico da RES 2021-2024 (denominados no seu conxunto proxecto PERTE47). Terá como cometido principal a realización de actividades de promoción, comunicación, maquetación, difusión, creación de contidos, grafismos, creación e xestión de portais web e bases de datos, documentación e outras necesarias para a execución do proxecto PERTE47.
Funcións a realizar	O cometido do posto será a execución das actividades de promoción e comunicación do proxecto. Desenvolverá, principalmente, as seguintes tarefas: - Deseño e elaboración de contidos textuais, gráficos e audiovisuais de carácter formativo, promocional e divulgativo do proxecto de implantación dunha infraestrutura científico-técnica singular. - Participación en tarefas de planificación, programación e execución de eventos de presentación e divulgación de infraestruturas científico-técnicas. - Participación en tarefas produción de pezas documentais audiovisuais no marco do proxecto. - Participación en tarefas de deseño web, SEO e analítica no marco do proxecto. - Participación na planificación, xestión e xeración de contido específico para RRSS no marco do proxecto. - Participación na creación de aplicacións de AR no marco do proxecto. - Participación na planificación e atención de visitas á instalación. - Xeración de gráfica para documentación científico-técnica sobre a infraestrutura despregada e os resultados obtidos. - Xustificar e contribuir á xustificación da financiación do PERTE47. - Todas aquelas que se consideren necesarias por parte da dirección para a execución dos proxectos do PERTE47 e a súa correspondente xustificación.
Retribución bruta anual	32.334,54€



Duración do contrato	Dende a sinatura ata a finalización do proxecto PERTE47 (establecida inicialmente para o 30 de xuño de 2026)		
Data de inicio prevista	Maio de 2025		
Xornada laboral	Tempo completo, posibilidade de teletraballo		
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES			
Titulación requirida	Nivel 3 (Máster Oficial) MECES ou equivalente en Xornalismo, Comunicación, Publicidade, Relacións Públicas ou equivalente		
Experiencia requirida	Non se require		
Idiomas	Inglés: B1 Galego: Celga 4		
Outros	Non se require		
MÉRITOS A VALORAR			
Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	Valoración curricular Teranse en conta os seguintes aspectos en base aos méritos acreditables e claramente especificados no Curriculum Vitae aportado polo candidato: ▪ CRITERIO CV1: Expediente académico, segundo a nota media das titulacións requiridas para o acceso ao proceso de selección. ▪ CRITERIO CV2: Formación: ○ Posesión de titulacións adicionais á esixida para o acceso á convocatoria en áreas afíns ao posto. ○ Outra formación que se considere de utilidade de cara as funcións a realizar. ▪ CRITERIO CV3: Nivel de idiomas superior ao esixido. ▪ CRITERIO CV4: Certificacións en áreas afíns ao posto. ▪ CRITERIO CV5: Experiencia profesional previa relacionada coas funcións do posto. Seleccionaranse para a fase seguinte de avaliación da memoria técnica un máximo de 5 candidatos por posto de entre os que superen o limiar mínimo requirido.	30	15
2	Memoria técnica Elaboración dunha memoria técnica en formato libre cun máximo de 4 páxinas de extensión, en letra Arial de tamaño 10 e interliñado sinxelo (non se terán en conta as partes que supere esa extensión). O contido será elaborado de forma persoal e exclusiva polo candidato e	60	30



	poderá resaltar, entre outros, as fortalezas en termos de coñecementos e/ou experiencias previas do candidato aliñadas coas funcións do posto, experiencias previas que supuxesen un reto persoal, profesional ou académico, propostas innovadoras para un centro de supercomputación nas áreas identificadas na descrición da praza (propostas de divulgación innovadoras para un centro de supercomputación, neste caso), e en xeral, calquera outro aspecto que permita avaliar a idoneidade do candidato para o posto. Na cumprimentación da memoria destácaranse, en caso de dispor deles, os coñecementos avanzados e capacidades seguintes: ▪ Deseño e mantemento de contidos de sitios web, deseño de infografía para divulgación científico-técnica, creación, edición e publicación de pezas audiovisuais, creación de materiais divulgativos e informativos en diversos formatos, ou outros afíns. ▪ Capacidade creativa e de creación de impacto, captación de audiencias ou outros afíns ao posto. ▪ Capacidade para traballar e comprender as necesidades dunha entidade pública do ámbito da investigación e na área específica da praza. ▪ Tecnoloxías, ferramentas, coñecementos ou competencias, das indicadas para o posto, das que poida dicir que ten bo coñecemento e uso habitual. ▪ Outros coñecementos afíns ás áreas ou funcións dos postos. Terase en conta a claridade na redacción e a organización e presentación da memoria.		
3	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ▪ Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ▪ Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ▪ Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ▪ Outras consideradas relevantes para o posto.	10	5



7. Referencia do posto: PERTE47-25-TCP-XESTION

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	TÉCNICO/A COORDINADOR/A DE PROXECTO XESTIÓN
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Duración determinada para realización de proxecto PERTE47
Categoría laboral	Técnico/a coordinador/a de proxecto
Número de postos	1
Descrición	O posto ten como cometido actividade de xestión e coordinación de proxecto necesaria para a execución dos proxectos concedidos ao CESGA dentro do Plan Estratéxico da RES 2021-2024 (denominados no seu conxunto proxecto PERTE47). Terá como cometido principal a realización de actividades de coordinación e xestión de proxecto, programación e coordinación das entidades e empresas involucradas, participación nos procesos de compra pública e xustificación.
Funcións a realizar	O cometido do posto será de apoio á execución do PERTE47 complementando a actividade da Oficina Técnica destinada ao efecto. Desenvolverá, principalmente, as seguintes tarefas: a) Apoio á coordinación da execución do proxecto PERTE47 co persoal contratado especificamente para o mesmo, co persoal do CESGA involucrado no proxecto, cos usuarios (Universidades galegas e CSIC) facendo seguimento da correcta execución en tempo e forma. b) Apoio nas tarefas necesarias para a contratación de equipamento, servizos ou persoal segundo se solicite. c) Apoio ao control da execución das diversas prestacións contratadas polo CESGA no relativo a subministro de equipamento, servizos ou obras. d) Apoio ás áreas técnicas para a consecución dos seus obxectivos de adquisición despregue e posta en operación das infraestruturas do PERTE47. e) Apoio no deseño e elaboración de procedementos, plans, convenios ou outros trámites e traballos no ámbito do proxecto e na aplicación dos mesmos. f) Todas aquelas que se consideren necesarias por parte da dirección para a execución dos proxectos do PERTE47 e a súa correspondente xustificación.
Retribución bruta anual	34.251,28 €
Duración do	Dende a sinatura ata a finalización do proxecto PERTE47 (establecida inicialmente



contrato	para o 30 de xuño de 2026)		
Data de inicio prevista	Maio de 2025		
Xornada laboral	Tempo completo, posibilidade de teletraballo		
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES			
Titulación requirida	Nivel 3 segundo o Marco Español de cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011 de 15 de xullo. A titulación deberá estar adscrita nalgún dos seguintes ámbitos do coñecemento, segundo o Real Decreto 822/2021 (Anexo 1): ▪ Arquitectura, construción, edificación y urbanismo, e enxeñaría civil. ▪ Ciencias da Terra. ▪ Física e astronomía. ▪ Enxeñaría eléctrica, enxeñaría electrónica e enxeñaría da telecomunicación. ▪ Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación. ▪ Enxeñaría informática e de sistemas. ▪ Enxeñaría química, enxeñaría dos materiais e enxeñaría do medio natural. ▪ Matemáticas e estatística. ▪ Química ▪ Ciencias económicas, administración y dirección de empresas, comercio e contabilidade. Transitoriamente, para equivalentes a Nivel 3 MECES e de titulacións non adaptadas ao novo marco, serán válidas aquelas adscritas a algunha das seguintes ramas do coñecemento, segundo o Real Decreto 1393/2007 : ▪ Ciencias. ▪ Enxeñaría e Arquitectura.		
Experiencia requirida	Non se require		
Idiomas	Inglés: B1 Galego: CELGA4		
Outros	Non se require		
MÉRITOS A VALORAR			
Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	Valoración curricular Teranse en conta os seguintes aspectos en base aos méritos acreditables e claramente especificados no Curriculum Vitae aportado polo candidato:	30	15



	▪ CRITERIO CV1: Expediente académico, segundo a nota media das titulacións requiridas para o acceso ao proceso de selección. ▪ CRITERIO CV2: Formación: ○ Posesión de titulacións adicionais á esixida para o acceso á convocatoria en áreas afíns ao posto. ○ Outra formación que se considere de utilidade de cara as funcións a realizar. ▪ CRITERIO CV3: Nivel de idiomas superior ao esixido. ▪ CRITERIO CV4: Certificacións en xestión de proxectos como, por exemplo: PMP, PRINCE, CAPM ou outras afíns ; ▪ CRITERIO CV5: Experiencia profesional previa relacionada coas funcións do posto. Seleccionaranse para a fase seguinte de avaliación da memoria técnica un máximo de 5 candidatos por posto de entre os que superen o limiar mínimo requirido.		
2	Memoria técnica Elaboración dunha memoria técnica en formato libre cun máximo de 4 páxinas de extensión, en letra Arial de tamaño 10 e interliñado sinxelo (non se terán en conta as partes que supere esa extensión). O contido será elaborado de forma persoal e exclusiva polo candidato e poderá resaltar, entre outros, as fortalezas en termos de coñecementos e/ou experiencias previas do candidato aliñadas coas funcións do posto, experiencias previas que supuxesen un reto persoal, profesional ou académico, propostas innovadoras para un centro de supercomputación nas áreas identificadas na descrición da praza, e en xeral, calquera outro aspecto que permita avaliar a idoneidade do candidato para o posto. Na cumprimentación da memoria destacaranse, en caso de dispor deles, os coñecementos avanzados e capacidades seguintes: ▪ Xestión de proxectos semellantes ou en coordinación e xestión de proxectos de gran complexidade, coordinación de equipos, implementación de proxectos de datacenter ou tecnoloxías da información, metodoloxías de xestión de proxectos, infraestruturas de datacenter, computación e almacenamento. ▪ Outros coñecementos afíns ás áreas ou funcións dos postos. Terase en conta a claridade na redacción e a organización e presentación da memoria.	60	30
3	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ▪ Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ▪ Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en	10	5



	equipo e resolución de problemas. ▪ Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ▪ Outras consideradas relevantes para o posto.		
--	--	--	--



8. Referencia do posto: PERTE47-25-TEI-ADM-SEC

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Técnico/a especialista en Investigación de Administración e Secretaría
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Duración determinada para realización de proxecto PERTE47
Categoría laboral	Técnico/a en administración e secretaría
Número de postos	1
Descrición	O posto ten como cometido actividade de administración e secretaría necesaria para a execución dos proxectos do Plan Estratéxico da RES 2021-2024 (denominados no seu conxunto proxecto PERTE47).
Funcións a realizar	O cometido do posto será a execución das actividades de ámbito administrativo e secretaría do proxecto PERTE47. Desenvolverá, principalmente, as seguintes tarefas: a) Realizará o traballo administrativo de apoio á licitación e execución dos concursos relativos ao proxecto, así coma o traballo administrativo de apoio á xestión e xustificación do proxecto, en dependencia do coordinador do proxecto e en colaboración co departamento Administrativo do CESGA e coa empresa adxudicataria da xestión do proxecto. b) Apoiará ao seguimento dos prazos, fitos e items administrativos precisos para o cumprimento das diferentes licitacións así coma do proxecto no seu conxunto, en colaboración co Técnico de Xestión do Proxecto. c) Prestará apoio para garantir a coordinación administrativa, reportando ao responsable de Xestión do Proxecto, do equipo de traballo do proxecto, tanto o contratado especificamente para o mesmo por CESGA, coma coas empresas participantes nas diferentes licitacións, co departamento de administración do CESGA, e coa/coas entidades que financian o proxecto d) Realizará as funcións de secretaría prestando asistencia á organización, axenda, atención ao público ou colaboradores, xestión das comunicacións, organización de viaxes, xestión documental do PERTE47. e) Todas aquelas que se consideren necesarias por parte da dirección para a execución dos proxectos do PERTE e a súa correspondente xustificación.
Retribución bruta anual	23.531,31 €
Duración do contrato	Dende a sinatura ata a finalización do proxecto PERTE47 (establecida inicialmente para o 30 de xuño de 2026)



Data de inicio prevista	Maio de 2025		
Xornada laboral	Tempo completo, posibilidade de teletraballo		
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES			
Titulación requirida	Formación profesional de grado superior na familia profesional de Administración e Xestión.		
Experiencia requirida	Non se require		
Idiomas	Inglés: B1		
Outros	Non se require		
MÉRITOS A VALORAR			
Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	Valoración curricular Teranse en conta os seguintes aspectos en base aos méritos acreditables e claramente especificados no Curriculum Vitae aportado polo candidato: ▪ CRITERIO CV1: Expediente académico, segundo a nota media das titulacións requiridas para o acceso ao proceso de selección. ▪ CRITERIO CV2: Formación: ○ Posesión de titulacións adicionais á esixida para o acceso á convocatoria en áreas afíns ao posto. ○ Outra formación que se considere de utilidade de cara as funcións a realizar. ▪ CRITERIO CV3: Nivel de idiomas superior ao esixido. ▪ CRITERIO CV4: Certificacións en áreas afíns ao posto. ▪ CRITERIO CV5: Experiencia profesional previa relacionada coas funcións do posto. Seleccionaranse para a fase seguinte de avaliación da memoria técnica un máximo de 5 candidatos por posto de entre os que superen o limiar mínimo requirido.	30	15
2	Memoria técnica Elaboración dunha memoria técnica en formato libre cun máximo de 4 páxinas de extensión, en letra Arial de tamaño 10 e interliñado sinxelo (non se terán en conta as partes que supere esa extensión). O contido será elaborado de forma persoal e exclusiva polo candidato e poderá resaltar, entre outros, as fortalezas en termos de coñecementos e/ou experiencias previas do candidato aliñadas coas funcións do posto, experiencias previas que supuxesen un reto persoal, profesional ou académico, propostas innovadoras para un centro de supercomputación nas	60	30



	áreas identificadas na descrición da praza, e en xeral, calquera outro aspecto que permita avaliar a idoneidade do candidato para o posto. Na cumprimentación da memoria destacaranse, en caso de dispor deles, os coñecementos avanzados e capacidades seguintes: ▪ Xestión administrativa de proxectos, procedemento administrativo público, licitación e contratación pública galega ou estatal, lexislación relativa á correcta execución, procedementos de contratación de recursos humanos na administración pública, xestión documental, secretariado e outros afíns. ▪ Outros coñecementos afíns ás áreas ou funcións dos postos. Terase en conta a claridade na redacción e a organización e presentación da memoria.		
3	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ▪ Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ▪ Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ▪ Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ▪ Outras consideradas relevantes para o posto	10	5

As valoración curricular farase tendo en conta as seguintes:

- O expediente académico valorarase segundo a nota media recollida no expediente sendo valorado mediante as normas acordadas na RESOLUCIÓN do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración para a valoración dos expedientes académicos.
- Non se avaliarán expedientes de titulacións obtidos en España onde non veña recoñecida a nota media segundo o Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.
- No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentarse a declaración de equivalencia de notas medias de estudos universitarios realizados en centros estranxeiros, segundo a resolución do 21 de marzo de 2016 da Dirección General de Política Universitaria do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a resolución do 21 de xullo de 2016 (<https://www.universidades.gob.es/equivalencia-de-notas-medias-de-estudios-universitarios-realizados-en-centros-extranjeros/>).
- A participación en proxectos ou contratos valorarase en función da súa duración por



proxecto e mes completo traballado, sen ponderarse proporcionalmente no caso de ser inferiores a un mes. Tomarase como referencia a vida laboral, dividindo por 30 a acumulación dos días correspondentes aos contratos avaliados que figuren na vida laboral (ou documento internacional substitutorio). Só se computará un proxecto por mes, independentemente da categoría na que se encadre o mesmo.

A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

V) Prazo máximo de resolución da convocatoria

Tres (3) meses a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria, no Diario Oficial de Galicia.

VI) Acreditación de requisitos e méritos

A/as persoa/s que resulten seleccionadas deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e dos méritos baremables na fase de concurso e restante documentación adicional incluída no Anexo 2 a través da sede electrónica <https://sede.xunta.gal> seguindo o mesmo procedemento da sección de presentación de solicitudes indicando neste caso o seguinte:

- “Asunto relacionado”: Indicar “Documentación acreditativa da convocatoria do proceso selectivo PERTE47 - 2025/01, no posto de referencia.... (copiar a referencia do posto no que participa publicado no Anexo 2 das Bases da convocatoria)”

A documentación a remitir será:

- **Titulacións**

- Copia simple do/s título/s ou documentos que acrediten de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico (Grao, Máster, Doutoramento, e demais titulacións).
- Copia simple do expediente académico.
- Naqueles casos onde se avalíe a temática do TFG, TFM ou tese doutoral, declaración responsable onde figure o título e un resumo no que quede claramente reflexado que a temática principal está relacionada coa valorada.

- **Cursos e formacións**

Certificado de asistencia ou superación, incluíndo o temario do curso e o número de horas. Non se considerarán como cursos os créditos obtidos en estudos regulados.

- **Certificacións**

Certificado oficial

- **Publicacións**

DOI da publicación e copia da mesma

- **Experiencia**

Xustificarse coa seguinte documentación:



- Contrato de traballo onde figure expresamente o nome e código do proxecto ou contrato ou certificación da entidade onde participou, incluíndo as datas de inicio e fin da participación.
 - Copia da vida laboral para os contratos laborais en España ou documento internacional substitutorio que inclúa a duración en días ou meses do contrato.
 - Declaración responsable asinada polo solicitante, cunha descrición de cada un dos proxectos ou contratos nos que traballou, de non máis dunha cara dun folio A4 cada un, onde se xustifique a relación do mesmo co obxecto do criterio.
 - Naqueles casos onde se valore experiencia relacionada co desenvolvemento de ferramentas e aplicativos dixitais, enlace a repositorios de código ou portafolios: enlaces a repositorios públicos (GitHub, GitLab, etc.) ou portafolios que mostren exemplos de scripts ou ferramentas desenvolvidas. Cada exemplo debe incluír unha breve descrición do seu propósito e contexto.
- **Idiomas**
 - Se é o caso, copia simple do título de perfeccionamento en lingua galega, do CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística.
 - Se é o caso, copia simple do título ou certificado de inglés no nivel requirido no Anexo 2 ou acreditación/certificación equivalente atendendo á escala CEFR (Common European Framework of Reference). Os/as aspirantes que non estean en posesión do certificado requirido, serán convocados para a realización dunha proba de valoración do nivel. Dependendo do nivel esixido no Anexo 2, a proba consistirá no seguinte:
 - Nivel básico (B1): na tradución dun texto técnico de castelán ou galego a inglés.
 - Nivel medio (B2): redacción dun texto en inglés.
 - Nivel alto (C1): realización dunha entrevista en inglés dun máximo de 10 minutos e a redacción dun informe en dita lingua.

VII) Publicacións

Todas as publicacións relativas ao proceso selectivo destas prazas realizaranse na páxina web do CESGA, na sección de emprego, no seguinte enlace:

<https://www.cesga.es/transparencia/emplego/>

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O director-xerente do CESGA,

Lois Orosa Nogueira

